

---

# UN IANQUI NA CORTE DO REI ARTUR

Texto de **MARC TWAIN**

Tradución de **CARLOS ACEVEDO**

Deseño de **MARC TAEGER**

---

Encadernación rústica. 14,5 x 21 cm. 440 páx. 20 €.

ISBN 978-84-15250-50-0. Factoría K de Libros. Narrativa K.

*–Camelot... Camelot –dixen para min–. Creio que non me soa. Ha de ser o nome do manicomio.*

*Era unha doce e tranquila paisaxe estival, amena coma un soño, e solitaria coma un día de domingo.*

*O aire estaba cargado do recendo das flores, e o zunido dos insectos, e o rechouchío dos paxaros, e non había xente, nin carros, nin o bulicio da vida, non pasaba nada.*


*O camiño non era máis ca unha vía retorta, marcada con pegadas de cabalo, e de cando en vez víanse rodeiras a ambos os lados, pola herba; aquelas rodas debían de ter unhas lamias do ancho dunha man.*

*Entón apareceu unha rapaza duns dez anos cunha catarata de pelo louro caéndolle polos ombros...*

“Un ianqui na Corte do Rei Artur” é unha das obras máis divertidas e, á vez, máis mordaces de Mark Twain. Publicada en 1889, comeza co encontro casual do autor cun turista americano, durante unha visita ao castelo de Warwick, na parte central de Inglaterra. O excéntrico forasteiro, Hank Morgan, que fora mecánico nunha fábrica de armas de Connecticut, narrará a Twain a súa sorprendente historia, recollida nun vello manuscrito.

A raíz do golpe sufrido nunha pelexa na fábrica, Morgan perde a consciencia. Cando esperta atópase recostado contra unha árbore, no medio dun prado pertencente ao reino de Camelot, na Inglaterra da Alta Idade Media. O ianqui introduce naquela sociedade medieval os adiantos tecnolóxicos do século XIX: o xornal, o telégrafo, a bicicleta... Co seu apoio intenta mudar as relacións sociais para facelas máis xustas e igualitarias, pero axiña se topará de fronte cos poderes establecidos, baseados en desapiadadas leis, na forza das armas e na superstición. Terá que loitar contra deles para poder salvar mesmo a súa propia vida.

Coma noutras obras súas, Mark Twain critica nesta novela a sociedade do seu tempo, e tamén a explotación, a superstición e a ignorancia.



- **Temática:** a peripecia dun americano do século XIX na Inglaterra da Alta Idade Media.
- **Idade recomendada:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** do autor de “Cartas dende a Terra” (Factoría K); novela divertida e mordaz; crítica contra a ignorancia, a superstición e a explotación na sociedade do seu tempo.

---

## Mark Twain

(Florida, 1835 – Connecticut, 1910)

Samuel Langhorne Clemens, máis coñecido polo pseudónimo de Mark Twain, naceu en Florida (Missouri, Estados Unidos). Cando tiña catro anos, a súa familia mudouse a Hannibal, un porto fluvial do río Mississippi. Á morte do seu pai, Mark Twain tivo que deixar os estudos e comezou a traballar de aprendiz nunha imprenta. Aos dezaseis anos xa era tipógrafo no xornal *Hannibal Journal*, propiedade do seu irmán máis vello, Orion, e no que publicou os seus primeiros artigos xornalísticos. Dous anos despois comezou a súa xeira por imprentas de diferentes cidades, como Nova York e Filadelfia. Máis adiante traballou de piloto nun barco de vapor do río Mississippi, unha experiencia que lle deixou unha fonda pegada; logo foi mineiro en Nevada, soldado da Confederación e, por fin, xornalista. Mark Twain é un dos grandes autores da literatura norteamericana. Na súa escrita combínanse o humor e a sátira coa crítica social e a descrición realista do mundo no que viviu. As súas obras máis recoñecidas son “As aventuras de Tom Sawyer” (1876), “As aventuras de Huckleberry Finn” (1884), considerada como a «gran novela norteamericana», e “Un ianqui na corte do rei Artur” (1889). As súas ideas políticas, de corte progresista, fixéronse máis radicais co paso do tempo e apareceron reflectidas en “Cartas desde a Terra”, publicada postumamente en 1962.